



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2018 11:33
Nº Rexistro: 22390
Data envío: 08/01/2018 11:33:02.662

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a través da súa portavoz, ao abeiro do disposto no artigo 30.2 do Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Petición de Reconsideración** do Acordo da Mesa do Parlamento, do 14 de novembro de 2017, polo que se amplía excepcionalmente o prazo de presentación de emendas ao articulado á Proposición de lei de iniciativa lexislativa popular de corresponsabilidade parental e de relacións familiares no cese da convivencia, doc. núm. **339**, (10IPPLI-000001).

PRIMEIRO.- Con data de 14 de novembro de 2017, a Mesa do Parlamento, logo do acordo favorable da Xunta de Portavoces, adoptou o seguinte acordo contra o que se dirixe a petición de reconsideración:

1º) Ampliar excepcionalmente o prazo de presentación de emendas ao articulado á Proposición de lei de iniciativa lexislativa popular de corresponsabilidade parental e de relacións familiares no cese da convivencia, ata o día 1 de febreiro de 2018 ás 18.30 horas.

Esta ampliación de prazo prodúcese por unha petición conxunta dos Grupos Parlamentarios Popular de Galicia, En Marea e Socialistas de Galicia.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

SEGUNDO.- O artigo 112.1 do Regulamento da Cámara sinala que:
“Publicado un proxecto de lei, os deputados e os grupos parlamentarios terán un prazo de quince días para presentar emendas a aquel mediante escrito dirixido á Mesa da Comisión. O escrito de emendas deberá levar a sinatura do portavoz do grupo ao que pertenza o deputado ou da persoa que substitúa a aquel, para os meros efectos de coñecemento. A omisión deste trámite poderá repararse antes do comezo da discusión en Comisión.”

Pola súa banda o artigo 96 do Regulamento sinala que: *“1. A Mesa da Cámara de acordo coa Xunta de Portavoces poderá acordar a prórroga ou redución dos prazos establecidos neste Regulamento.*

2. Agás casos excepcionais, as prórrogas non serán superiores a outro tanto do prazo nin as reducións á súa metade.”

En base a esta regulación do Parlamento, o prazo ampliable sería 15 días máis en casos excepcionais, debidamente xustificados, no entanto, neste caso, e fóra do establecido no Regulamento, sen ningún amparo e sen ningunha xustificación nin motivación o prazo amplíase até o 1 de febreiro, constituíndo unha decisión arbitraria que infrinxe os prazos xerais.

Polo dito, **SOLICITA**, que se teña por presentado o este escrito de reconsideración do Acordo da Mesa do Parlamento, do 14 de novembro de 2017,



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2018 11:33
Nº Rexistro: 22390
Data envío: 08/01/2018 11:33:02.662

polo que se amplía excepcionalmente o prazo de presentación de emendas ao articulado á Proposición de lei de iniciativa lexislativa popular de corresponsabilidade parental e de relacións familiares no cese da convivencia, ditando un novo acordo polo que se dea por finalizado o prazo de presentación de emendas ao articulado á Proposición de lei de iniciativa lexislativa popular de corresponsabilidade parental e de relacións familiares no cese da convivencia.

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2018

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 08/01/2018 11:32:39